

A/AT. JOSÉ ANTONIO QUIROGA DÍAZ (SECRETARIO DE ORGANIZACIÓN DO PSDEG-PSOE)

Estimado Secretario de Organización,

Levamos anos actuando coa máxima lealdade, responsabilidade política e institucional, disciplina e respecto, e así seguiremos ante todo, coma a maioría levamos feito sempre na nosa traxectoria no partido e nas institucións públicas, pero vémonos abocados a pedir a intervención do máximo representante do noso partido ante a grave situación na que nos atopamos na terceira cidade de Galicia.

É prioritario poñer fin á provisionalidade e inestabilidade na que nos atopamos coa actual xestora constituída o pasado mes de decembro de 2019 pola dirección galega da que ti formas parte. O único fin que nos guía para pedir o cumprimento dos nosos estatutos e, consecuentemente, a convocatoria dunha assemblea para a constitución dunha nova executiva local, é porque temos a convicción e a confianza de que, dende a túa posición e as túas responsabilidades saberás xestionar de maneira oportuna esta petición; para poder seguir adiante dunha maneira responsable, e contribuír a poder construír entre todos un necesario proxecto, renovado, profesional e co máximo consenso posible para aspirar a recuperar a Alcaldía de Ourense, o noso obxectivo máis inmediato, que só se pode acadar dende a cohesión e o fortalecemento da nosa agrupación local.

Tralo acontecido nas últimas eleccións autonómicas, no que caben multitude de interpretacións e análises ao respecto, hai unha que pesa máis que ningunha para nós: a desconexión tanto da nosa propia militancia como da propia cidadanía, que nos converteu na terceira forza política na nosa cidade.

Cremos que é hora de recuperar o pulso e dar voz ao partido para poder reconectar coa sociedade, despois de diversos comicios electorais e ante un escenario necesario de estabilidade que nos poida levar a acadar obxectivos políticos común para a organización.

Agradecerche ante todo a túa atención, o noso fin como militantes sempre foi traballar dende a base e os que tivemos a honra de ser elixidos para exercer cargos e responsabilidades orgánicas e institucionais poder traballar para gañar e poder cambiar a vida das persoas a través das institucións, apostando realmente polo mellor para o PSdeG e para a xente, non para nós a nivel individual, e así o seguiremos facendo.

Por todo o anteriormente sinalado **EXPOÑEMOS:**

- 1) Que, con data de 28 de novembro de 2019, o Secretario de Organización da Executiva Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense, enviou escrito ao Secretario Xeral da Agrupación Municipal de Ourense dicindo que, de conformidade co artigo 344 do Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais suspendíanse as competencias da Executiva Municipal, amparándose na dimisión da metade máis un dos seus membros. Por mor dese feito, e consonte ao establecido no artigo 342 do Regulamento Federal de Desenvolvemento de Estatutos Federais, en data 5 de decembro de 2019, a Executiva Provincial nomea unha Comisión Xestora, ratificada posteriormente pola Executiva Federal do PSOE.*
- 2) Que o artigo 344 do Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais establece que, dentro do prazo de 90 días restablecerase o funcionamento normal do partido, convocando unha assemblea de militantes da agrupación e procedendo á elección dos órganos preceptivos.*
- 3) Que entendemos que ata o momento e como consecuencia das medidas decretadas con motivo da pandemia do COVID-19 e polo proceso electoral das eleccións autonómicas galegas había certa xustificación para a non convocatoria da dita assemblea.*
- 4) Que entedemos, a súa vez, que neste momento xa non existen motivos para non dar cumprimento ao establecido nos nosos Estatutos.*

Polo tanto **SOLICITAMOS:**

A convocatoria, á maior brevidade posible, da Asemblea Extraordinaria da Agrupación Municipal do PSdeG-PSOE de Ourense, cuxo único punto da Orde do Día contemple a disolución da Comisión Xestora e a Elección dunha Nova Comisión Executiva da dita agrupación, consonte ao establecido no artigo 344 do Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais do PSOE.

Atentamente, os abaixo asinantes, en Ourense, a 14 de Agosto de 2020.